

## ACTA DE CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2018

Na cidade da Coruña, na sede do Consello Escolar, sito na rúa Orzán, 21, sendo as 17:30 horas do día 27 de setembro de 2018, reúnese en sesión ordinaria o Consello Escolar Municipal (CEM) coa **asistencia dos seguintes membros:**

**PRESIDENTA:** Silvia Cameán Calvete. Concelleira de Xustiza Social e Coidados

**SECRETARIO:** Belisario Sixto San José. Xefe de Servizo de Educación

**CONSELLEIROS:**

- Fermín Álvarez Lata
- Manuel Gajino Cousilla
- Alejandra Fuentes Vieites
- M<sup>o</sup> Luisa Varela Insua
- Celestino Pérez Recarey
- Isabel Piñeiro Cabado
- Héctor Pose Porto
- Dolores Blanco Sanguñedo
- M<sup>a</sup> José Otere Vaamonde
- Silvia Seoane Sánchez
- Ana Isabel Sanclaudio Luhía
- Jorge Arangüena Sande
- M<sup>a</sup> Dolores Fernández López
- M<sup>a</sup> José Couso Pita
- Jaime Mañá Castro
- Rosa M<sup>a</sup> Urbano Rey

**Non asisten:**

- Emilio Joaquín Veiga Río
- Alfonso García Sanmartín
- Luis Villaverde López
- Javier Rouco Ferreiro
- Juan Lage Fernández Cervera
- Mercedes Queixas Zas
- Patricia Varela Fernández
- Guillermo Saavedra Sánchez
- Enrique Martínez Mato
- Raquel Méndez Fernández
- Paula Gómez del Valle y Gómez

A presidenta dálles a benvida aos asistentes e comeza coa exposición da orde do día:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA ANTERIOR (DE DATA 14 DE XUÑO DE 2018)**

Apróbase por unanimidade

### **2.- PROPOSTA DE DÍAS NON LECTIVOS PARA O CURSO 2018/2019**

Propóñense os seguintes días:

- Primeiro día: o 2 de novembro, que se aproba por unanimidade.
- Segundo día: Os días que se propoñen son o 18 de marzo e o 23 de abril. A proposta do 18 de marzo obtén 8 votos. A proposta do 23 de abril obtén 3 votos. O resto dos votos dos presenten foron abstencións.

Por conseguinte, o Consello proponlles aos centros como días non lectivos para o curso 2018/2019 o 2 de novembro e o 18 de marzo.

### **3.- INFORMACIÓN SOBRE AS OBRAS EXECUTADAS DURANTE O CURSO 2017/2018 E NO VERÁN DE 2018, E PREVISIÓN PARA O CURSO 2018/2019.**

Dáse información sobre as obras que foron realizadas durante o curso 2017/2018 e no verán de 2018, que foron un total de 14. Tamén se informou sobre as obras que están en licitación e sobre a proposta de obras de investimento financeiramente sustentábeis, que son un total de 13, cun orzamento de licitación previsto de 1.877.802,03 €.

### **4.- INFORMACIÓN SOBRE O PROCESO DE ESCOLARIZACIÓN NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (REIM) PARA O CURSO 2018/2019**

Informouse ás/aos integrantes do Consello do proceso de escolarización na REIM que ten, na actualidade a totalidade das prazas cubertas.

### **5.- BALANCE DOS PROGRAMAS EDUCATIVOS MUNICIPAIS DO CURSO 2017/2018 E NOVIDADES PARA O CURSO 2018/2019**

Trasládese a información sobre os programas educativos que realizou o Concello durante o pasado curso e a previsión para o presente.

Ao respecto do programa “Ao Meu Xeito” Héctor Pose, propón que se valore a posibilidade de primar aquelas propostas que veñan avaladas por máis dun colexio, ou por unha asociación, etc. Tamén informa da realización dun traballo de fin de mestrado que analiza este programa.

### **6.- INFORMACIÓN SOBRE O SERVIZO DE CONSERXERÍA NOS CEIP DO CONCELLO**

Infórmase que, tras a modificación da relación de postos de traballo do Concello, que implicou un incremento de dous conserxes de colexio máis, na actualidade hai destinados un total de 39 conserxes, se ben, catro deles teñen xornada reducida por razóns de conciliación e outros catro foron incorporados para cubrir a parte da xornada que reduciron os anteriores. En total dispónse de 35 conserxes, o número total dos previstos na RPT.

### **7.- ROLDA DE INTERVENCIÓNS**

Celestino Pérez Recarey propuxo, de cara á elaboración do Regulamento de funcionamento do Consello Escolar Municipal, que se introduza o criterio de paridade home/muller na súa composición.

Ana Sanclaudio pregúntalle ao representante da Administración Educativa sobre a problemática das cafeterías dos institutos. Respóndeselle que é posíbel que quede este ano algunha sen abrir, pero que se fará un esforzo para que abran todas.

Silvia Cameán, sobre a cuestión anterior, pregunta se se servirán comidas nas ditas cafeterías. Responde que non.

Héctor Pose, propón que se realice algún acto de recoñecemento da figura de Xabier Docampo, mestre e escritor coruñés finado este verán. Suxire un recordo del na praza José González Dopeso, onde vivía, que podería ser unha árbore ou unha placa. A concelleira adianta que lle parece unha proposta moi axeitada e que a analizará.

Dores Fernández propón que se permita acceder ao carné de bus de estudante á totalidade do alumnado matriculado na EPAPU Eduardo Pondal.

Jorge Aragüena pídelles á concelleira que mire a posibilidade de axilizar a aprobación das licenzas de obra que teñen solicitadas os CPR Esclavas e Calasanz.

Silvia Cameán, propón calendarizar as xuntanzas do CEM para este curso, co fin de que as/os súas/seu integrantes poidan planificarse mellor, facilitando deste xeito a asistencia.

Aalejandra Fuentes agradecelle ao Concello que se lle dese entrada no CEM ás escolas infantís municipais.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesións ás 18.52 horas no lugar e data *ut supra*.

A presidenta

  
Silvia Cameán Calvete  
Terceira Tenente de Alcalde,  
Área de Xustiza Social e Coidados.

O secretario

  
Belisario Sixto San José  
Xefe do Servizo Municipal de Educación

